

**CONCELLO  
DE VIGO**



## REGULAMENTO GRAN PREMIO INTERNACIONAL CIDADE DE VIGO

1.- A Federación Galega de Atletismo a través da súa Delegación en Vigo, co patrocinio da Concellaría de Deportes do Concello De Vigo, organiza o **XLII Gran Premio Internacional Cidade de Vigo**, a desenvolverse nas pistas do Estadio Municipal de Atletismo de Balaídos o sábado 4 de xullo do 2026. Haberá probas de carácter autonómico, nacional e probas incluídas no calendario Internacional Nivel II sendo estas:

**Disco- salto de lonxitude- 100 m.l - 1.500 m.l- 3.000 m. obstáculos en categoría masculina e Disco e 100 m.l e salto de lonxitude en categoría feminina.**

2.- Os ganadores finais do **XLII Gran Premio Internacional Cidade de Vigo** estableceranse contabilizando as marcas acadadas, segundo a táboa **WA** , sempre para probas absolutas.

Haberá unha clasificación feminina e outra masculina. Estes premios para cada especialidade e sexo serán:

- **Trofeo + 400 €** para o gañador/a absoluto/a.
- **Trofeo + 250 €** para o segundo/a clasificado/a;
- **Trofeo + 150 €** para o terceiro/a clasificado/a.

Adxunto preséntase o programa de probas. Se ben este é o programa inicial, o mesmo poderá sufrir modificacións en función das necesidades do tecido atlético que poidan xurdir na búsqueda das marcas mínimas persoais para os diferentes campionatos autonómicos, nacionais ou internacionais.

Ademais os gañadores/as individuais de cada unha das probas recibirán unha medalla conmemorativa do evento.

3.- O **Horario** será o que se detalla a continuación:

<b>19:10</b>	500 m l.	Mulleres (Sub 10 e sub 12 e sub 14
<b>19:30</b>	<b>DISCO</b>	<b>Homes ( Sub18 en adiante ) INTERNACIONAL</b>
	<b>DISCO</b>	<b>Mulleres ( Sub18 en adiante ) INTERNACIONAL</b>
	LONXITUDE	Homes (Sub 10- Sub 12)
	LONXITUDE	Mulleres (Sub 10- Sub 12 )
	500 m l.	Homes (Sub 10 e sub 12 e sub 14)
<b>19:50</b>	600 m l.	Mulleres (Sub 16)
<b>20:00</b>	600 m l.	Homes (Sub 16)
<b>20:10</b>	<b>400 mv</b>	Homes ( Sub20 en adiante )
<b>20:20</b>	<b>400 mv</b>	Mulleres (Sub 18 en adiante)
<b>20:30</b>	100 m l. Semifinal 1	Homes (Sub 18 en adiante) <b>INTERNACIONAL</b>
	100 m l. Semifinal 2	Homes (Sub 18 en adiante) <b>INTERNACIONAL</b>

# CONCELLO DE VIGO



ALTURA	Homes ( Sub18 en adiante )	
PESO	Homes (Sub 18 en adiante)	
PESO	Mulleres (Sub 18 en adiante)	
<b>20:45</b> 100 m l. Semifinal 1	Mulleres (Sub 18 en adiante)	<b>INTERNACIONAL</b>
100 m l. Semifinal 2	Mulleres (Sub 18 en adiante)	<b>INTERNACIONAL</b>
<b>21:00</b> 400 m l.	Mulleres (Sub 18 en adiante)	
<b>21:10</b> 400 m.l	Homes ( Sub18 en adiante )	
<b>21:20</b> 1.500 m.l	Mulleres ( Sub18 en adiante )	<b>INTERNACIONAL</b>
<b>21:35</b> 1.500 m.l	Homes (Sub 18 en adiante)	<b>INTERNACIONAL</b>
<b>XAVELINA</b>	<b>Homes (Sub 18 en adiante)</b>	<b>INTERNACIONAL</b>
<b>XAVELINA</b>	<b>Mulleres (Sub 18 en adiante)</b>	<b>INTERNACIONAL</b>
<b>LONXITUDE</b>	<b>Homes (Sub 18 en adiante)</b>	<b>INTERNACIONAL</b>
<b>LONXITUDE</b>	<b>Mulleres (Sub 18 en adiante)</b>	<b>INTERNACIONAL</b>
<b>21:50</b> 100 m.l FINAL	Mulleres (Sub 18 en adiante)	<b>INTERNACIONAL</b>
<b>22:00</b> 100 m.l FINAL	Homes (Sub 18 en adiante)	<b>INTERNACIONAL</b>
<b>22:10</b> 3.000 m.obstáculos	Homes ( Sub20 en adiante )	<b>INTERNACIONAL</b>
<b>22:25</b> 4x100 m.l REMUDAS	Mulleres ( Sub18 en adiante )	<b>INTERNACIONAL</b>
<b>22:35</b> 4x100 m.l REMUDAS	Homes (Sub 18 en adiante)	<b>INTERNACIONAL</b>

4.- No salto de altura o listón situarase en 1,45 e subirá de 5 en 5 cm ata 1,70 e despois de 3 en 3 cm. Poderá modificarse a cadencia a criterio da organización.

5.- Nos concursos celebrados de forma conxunta (lonxitude e lanzamentos) terá un total de 6 intentos cada atleta. Poderá modificarse o número de intentos no caso de que o concurso o permita por criterios de participación.

6.- As inscricións realizaranse a través do sistema online na web da RFEA (<https://isis.rfea.es/sirfea2/>) ata as 20:00 horas do venres anterior á competición. Os aspectos relativos a inscricións ou calendario de probas resolverase polo ORGANIZADOR. Para calquera dúbida ou aclaración diríxanse o mail da organización [vigo@atletismo.gal](mailto:vigo@atletismo.gal).

7.- Todos os participantes confirmarán ata media hora antes de cada proba a súa participación na zona de Secretaría, retirando o dorsal.

8.- Todo o non previsto resolverase de acordo coas Normas Técnicas e Regulamentación da F.G.A., R.F.E.A. W.A., por esta orde.